

A todo o profesorado

Seguindo co proceso de información relacionado co proceso do Proxecto Abalar paso a indicar algunhas novidades relacionadas co mesmo:

1º O pasado 12 de maio, mércores, ás 9:18 recíbese no centro un correo electrónico da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa no que se invita ao director do centro e ao coordinador designado para o proxecto Abalar a unha reunión a celebrar hoxe venres ás 11:00 no salón de actos da Delegación de A Coruña.

2º Posteriormente (ás 15:00) apareceu publicado no portal educativo esa mesma convocatoria e a relación de centros seleccionados para participar na 1ª fase do Proxecto Abalar.

3º Hoxe venres 14 ás 11:00 o director e eu acudimos á convocatoria na que se informa do seguinte:

- a) Liñas xerais do que é o Proxecto Abalar seguindo a grandes rasgos o mesmo que está na web <http://www.edu.xunta.es/web/node/715> Destacou o carácter de proxecto en fases polo volumen do mesmo, o criterio de selección baseado nos requirimentos e no interese manifestado e a importancia da implicación e formación do profesordo.
- b) Petición de esforzo e responsabilidade do profesorado para este proxecto que incorpora as TIC como ferramenta, cuxo uso é hoxendía incuestionable e sen perder de vista o obxectivo final que segue a ser a mellora das competencias do alumnado.
- c) Eixos de actuación
 - a. Equipamento: <http://www.edu.xunta.es/web/node/724>
Destacar que anunciouse a dotación dun servidor para aula/centro? que non aparece na web á que os remito
 - b. Conexión eléctrica
 - c. Conexión a internet
- d) Contidos educativos . O subdirector Xeral fixo referencia a que abalar contará cun espazo de contidos ordenados, categorizados con carácter de reositorio.
Tres tipos de fontes:
 - a. MEC
 - b. Editoriais /empresas
 - c. Contidos educativos elaborados por profes (contrastados e recoñecidos) (no turno de preguntas falouse do Proxecto Agrega do que falamos nalgún momento da formación deste curso e mesmo do pasado)
Basicamente o recollido na web:
<http://www.edu.xunta.es/web/node/726>
- e) Formación:
 - a. A fins de mes e xuño formación específica para o coordinador (presencial e a distancia)

- b. Posiblemente a partir de setembro formación para o profesorado prioritariamente para o implicado, impartida polo coordinador (Nas preguntas aclararon que volverán a solicitar en setembro o profesorado que definitivamente estará nas aulas, insistindo en que o profesorado comprometido ten total prioridade e que novo ROC o recollerá así.
- f) Espazo abalar para as familias
 - a. Posibilidade de consulta de parte do expdte
 - b. Posibilidade de diversas comunicación con alumnos e país
 - c. ¿Outras?
- g) Estructura do despregamento (Cronoloxía do proceso)
 - a. Presentación Presidente do goberno Escuela 2.0
 - b. Acordo co Goberno Galego
 - c. Enquisa aos centros sobre requisitos e interese no proxecto (fins de xaneiro)
 - d. Comprobación de requisitos (febrero-marzo)
 - e. Consulta profesorado implicado e compromiso (abril)
 - f. Selección definitiva(maio)

Ata aquí a exposición do Director e o Subdirector Xerais abrindo a continuación un turno de preguntas das que fago a continuación unha pequena recensión:

- Instalación do equipamento pola empresa concesionaria probablemente durante o verán (Fase adxudicación)
- Pode variar o listado de profesorado enviado. Pero prioridade total ao que estea implicado coa docencia en 5º
- Próxima modificación do ROC no que se recollerán as implicacións de horarios, adscricións, complementos ... (Parece que se especificará unha liberación horaria e un complemento salarial para o coordinador/a) pero non se comprometeu a garantir que a liberación horaria do coordinador leve aparelada automaticamente dotación con máis profesorado.
- A propiedade dos ordenadores é da administración (o cole) non das familias. Non deben ir a casa... de momento
- Mantemento por empresa subcontratada pola xunta
- Especificacións técnicas mínimas: mínimo 10" batería mínimo 4 horas, etc
- Integración total con XAde aínda que haberá cambios
- Os ordenadores de 5º deste ano pasan a 6º o ano que vén (Parece que sí e que haberá dotación nova para os de 5º do ano próximo), pero con dúbidas
- Contidos nas tres linguas
- A dotación de dispositivos é normalizada, pero se contempla convenio con ONCE e outras posibilidades a consultar para casos específicos de NEE en 5º

- Ofrece correo electrónico para dúbidas que poidesen quedar pendentes ou que xurdan en adiante.

Esta é a información coñecida neste momento, recén rematada a reunión.

Saú2 e bo fin de semana

Antonio

NOTA: O calendario lectivo do 2010-2011 aínda non está publicado!